

CUNQUEIRO ENTRE A REALIDADE E A IMAXINACIÓN

X. L. Franco Grande

Real Academia Galega

doi:10.17075/mucnoc.2014.008



Así como é complexa a personalidade literaria de Álvaro Cunqueiro, tamén é complexo o individuo Álvaro Cunqueiro. E non hai por que terlle medo a ningunha desas individualidades. En realidade, esa complexidade debe ser amada porque complexidade, en calquera dos dous sentidos, é para nós sinónimo de riqueza. Por outra banda, visto dende a súa individualidade, isto é, como persoa, como cidadán, como home, a complexidade de Cunqueiro —a súa riqueza de matices— abrolla en cada acto da súa vida, do seu proceder, dos seus comportamentos. Por iso mesmo, xa dende recuadas datas, a súa personalidade, o home Álvaro Cunqueiro, orixinou moi diversos criterios de valoración ética, aplicacións de criterios valorativos erróneos (xusto por non teren en conta esa complexidade da que falamos) e, por iso, déronnos unha imaxe non sempre real ou acaída do escritor mindoniense.

Como ocorre con todo ser humano, hai en Cunqueiro luces e sombras. Eu diría que moitas luces e algunhas, poucas, sombras que en nada escurecen a súa luminosa presenza de home de ben, de pai responsable, de cidadán exemplar. Nunca andou saíndo dun partido para entrar noutro; nunca recorreu a fábulas persecutorias por ideoloxía política cando as cousas non ían ben, como fixeron outros; nunca tivo ningún cargo que fose para el unha prebenda, como tantos outros tiveron. Antes ben, a súa liña de conduta foi sempre de entrega ao amigos, de amor á súa familia, de decidido esforzo nun traballo que non lle enchía nin pouco nin moito, pero que a vida lle impoñía.

E, contra o que se adoita pensar, foi home moi xeneroso cos amigos, na medida das súas posibilidades, tanto que Ramón Piñeiro —alguén que o coñeceu de moi preto e durante moitos anos— acostumaba dicir que, se Cunqueiro fose millonario, andaría repartindo cartos entre os amigos, e aínda entre non moi amigos. Porque o seu natural era a xenerosidade.

Todo o cal non debe ocultarnos outra realidade ben evidente da súa personalidade: que, ás veces, xusto por non lle dar valor a certas realidades inmediatas ou urxentes, que para el eran pequeneces, ou porque non lle merecían unha atención maior, como se confundise realidade e imaxinación e o seu actuar na vida e na creación literaria seguisen procedementos semellantes. O que non nos debe facer

caer en dous erros moi correntes, como sería o de xulgar illadamente actos dos que pretendemos sacar conclusións xerais —actos moi ocasionais, en xeral—, que non son definidores da súa personalidade humana e, á par, non tomar en conta outros que si son definidores da súa personalidade en conxunto. Porque, se non o facemos coidadosamente, corremos o risco de deturpar a rica personalidade humana de Cunqueiro, como tamén se tratamos de ocultar algunha daquelas pequenas sombras a que me referín, facendo un esforzo por non velas, porque estaremos roubando elementos de xuízo para unha debida valoración da personalidade do grande escritor.

En calquera caso, non hai ningunha razón para ter medo de dicir a verdade. E si hai boas razóns para non caer na tentación de ocultar a verdade. Sería unha falsificación histórica. E, como tal, sempre rexeitable. Ao mellor, tamén sería esclarecedor atender os diversos tempos da súa vida: nesta, unha cousa é Madrid e outra a Galicia recuperada dos anos cincuenta.

Vaia xa por diante que as circunstancias de feito que aquí se relatan foron directamente coñecidas por nós, nuns casos, e noutros referidas por amigos comúns, circunstancias que se fan constar en cada caso. E só nun se fai mención dunha anécdota que xulgamos un rumor sen fundamento real, pero que andaba espallada por Galicia, e aínda fóra dela, dende os anos cincuenta aos nosos días.

Pode darse unha idea fiable sobre a personalidade dun autor tendo en conta anécdotas nas que foi parte? Pode que non, pero ninguén negará que poden contribuír de maneira moi eficaz a debuxar de maneira acaída a súa personalidade. O importante é a súa veracidade.

No caso de Cunqueiro —verémolo a seguir— dáse a circunstancia, ao noso ver ilustrativa, de que as anécdotas que poderíamos chamar *indubitadas* non se diferencian das dubidasas no seu carácter, no seu contido e, convén sinalado, no seu humor. Aínda así refugaremos unha —pode que a máis espallada de todas—, que non daremos por auténtica, baixo as razóns que se dirán.

Empezaremos xusto pola que desbotaremos negándolle autenticidade. Aló polos anos cincuenta, en certos medios intelectuais composteláns atribuíaselle a Cunqueiro (un Cunqueiro mozo, dos seus tempos madrileños de posguerra) que, estando nunha festa nas aforas de Madrid, dexergou un paisano que estaba mesmo emboudado contemplando un *tiovivo*. Non lle sacaba ollo de riba. Tanto que Cunqueiro se sente intrigado por aquela rara atención, mesmo *engaiolamento*, do paisano. Razón

pola que decide achegarse a el e preguntarlle: «Seica lle gusta?». E como o paisano dixese que si, que moito, Cunqueiro díxolle: «Pois véndollo». E concertouse a operación —e a estafa ao paisano.

Como antes sinalei, esta anécdota contábase por Santiago nos meus tempos de estudante e era aceptada sen a menor crítica por moita xente coñecida, pero que, ao mellor, non coñecían ben a Cunqueiro. Eu comenteina con Ramón Piñeiro e desbotouna por enteiro, sen a menor dúbida.

Pero o feito de que semellante historia fose en certa maneira popular nos anos cincuenta demostra, paréceme, que a popularidade de Cunqueiro era un feito e que ao vulgo non lle resultaba moi estraño que unha historia semellante puidese ser unha *cunqueirada*. Pero, naturalmente, nada impide á imaxinación popular crear pantasma e atribuílas a quen, en realidade, pode ser autor doutros semellantes ou aínda máis increíbles. Pois moitas veces, como é sabido, abonda cun precedente para que os consecuentes veñan detrás.

Por máis de medio século —podo dar fe de que así é— andou esta anécdota na boca das xentes. Tivo máis sorte e máis éxito que moitas outras verdadeiras e case tan fantásticas.

Xusto cando Ramón Piñeiro acababa de rexeitar a autenticidade desa anécdota, contoume outra que, para min, é tan fantástica como a do *tiovivo*, coa diferenza de que é real, pois o propio Ramón Piñeiro foi suxeito principal dela.

A cousa ocorreu da maneira seguinte: polos anos corenta, cando Piñeiro conspiraba en Madrid, nun día moi frío de inverno, ía pola rúa tratando de quentar as mans cunhas castañas asadas que metera no bulso do gabán. E nisto aparece Cunqueiro, que axiña se decata de que o vello amigo ten mala cara e lle aconsella que o que lle convén é irse para Lugo. Pero Piñeiro dille que iso é imposible, que non ten cartos. Ao que Cunqueiro retruca que iso carece de toda importancia, que o arranxa el. E dille que o acompañe. Piñeiro segue ao seu amigo e, aos poucos minutos, ten nas mans a documentación que lle permite coller o tren e irse a Lugo. Pero ao chegar ao tren, Piñeiro intranquilízase porque é saudado case militarmente, con moita cerimonia, polo revisor, ou por un funcionario de RENFE, que o leva con moitas atencións a unha suite que non gardaba moita relación co mal atrousado que el ía. Circunstancia que o puxo moi excitado, e máis aínda cando quixo comprobar que misterioso documento lle dera Cunqueiro. O seu asombro foi verdadeiro abraio: desprazábase a Lugo «en misión especial».

De cando en cando, o funcionario de RENFE petaba á porta da suite e preguntáballe moi solícito se necesitaba algunha cousa, pensando só que debía de tratarse dalgún peixe moi gordo. Pero con aquela roupa de *menestero* total, como o definiu García-Sabell, que levaría o de Láncara?

Total, que a viaxe a Lugo foi unha verdadeira tortura para Piñeiro: podería ser descuberto en calquera momento, por aqueles anos —e aínda moito despois— os trens adoitaban ser rexistrados pola Garda Civil e pola policía, e el, ademais, tiña antecedentes —por aquel entón, polo menos policiais. Pero, ao chegar a Lugo, sentiuse liberado.

Era visto que para Cunqueiro, moi *cervantinamente*, a realidade era ilusoria.

Ao non ter publicado Piñeiro as súas memorias —unhas así chamadas serán calquera cousa menos unhas memorias—, quedamos sen a súa versión directa, polo que nos vemos obrigados a recorrer aos relatos que el fixo a diversos amigos, eu entre eles, xusto para subliñar o seu criterio de que o natural en Cunqueiro era a xenerosidade e a entrega sen reservas aos seus amigos.

A anécdota, por outra banda, ten relevancia para mostrar a estreita e íntima relación que houbo sempre entre Cunqueiro e os seus compañeiros galeguistas, en nada influída polas circunstancias políticas tan diferentes como as que por entón vivían un e outro. Pois nunca converteron en esencial o que foi só circunstancial, evidente no caso do mindoniense, como o tempo se encargou de demostrar.

Non sei que pode haber de certo no caso do cadro de Eduardo Aunós, o que fora ministro de Xustiza de Franco entre os anos 1943-45. A min contoume Landeira Yrago como historia certa, pero non me dixo cal fora a súa fonte de información. Coñezo moi ben a seriedade de Landeira no seu traballo como investigador, e ademais como investigador de Cunqueiro, pois é autor dun libro moi interesante (non publicado, que eu saiba), moi fundado, unha investigación indo ás fontes directas da obra e da vida de Cunqueiro (o que el chamaba «bajar al legajo»), e, polo tanto, nada sospeitoso de terxiversacións, de truculencias ou de noticias epatantes.

A historia, contada por Landeira, foi a seguinte: Eduardo Aunós entregáralle a Cunqueiro un cadro moi valioso, coído que de Solana, coa finalidade de levalo ao restaurador. Cunqueiro colleu o cadro e foi dereito ao experto que se lle indicou, pero, no camiño, atopouse cun amigo que non vía dende había tempo. E o amigo dille que vai casar. Entón Cunqueiro, cunha gran xenerosidade, parécelle moi apropiado ao caso regalarlle o cadro ao seu amigo.

Naturalmente, andando o tempo, descubriuse a verdade. Conforme a narración de Landeira, o desenlace foi que Cunqueiro, tomando moi a serio as cominacións e ameazas do dono do cadro, obtivo a colaboración e a comprensión do seu amigo e puido devolverllo ao Sr. Aunós.

Hai que recoñecer que a anécdota ten algo de cunqueiriana, sobre todo no que é a cerna do relato: o desprendemento, o acto de dar para agasallar o amigo. Claro que non hai tal *desprendemento*, porque non se desprende de nada seu, pero si o afán de agasallar. Unha vez máis —de ser certa a anécdota, para nós absolutamente increíble e só considerable aquí por ser contada por quen o fixo— a realidade e a imaxinación na encrucillada, mesturándose, facéndose travesuras, invadindo cada unha os eidos da outra.

Non se poderá apoñer a Cunqueiro, pero ben que o merecería.

Aló polos primeiros anos da década dos cincuenta, Cunqueiro e Castroviejo eran moi coñecidos en Vigo, e noutros moitos lugares de Galicia, polos seus *diálogos*, consistentes nunha breve conferencia que daba cada deles e nun *diálogo* que se establecía entre os dous en relación cos contidos das conferencias. Sabíase que a Cunqueiro non lle gustaban nada estes diálogos, ás veces sen relación ningunha cos temas das conferencias e que se prestaban a que cada un dixese o que lle petase, que divagase sobre o divino e o humano e que, case sempre, deixase ao público nun verdadeiro desconcerto. Pero Cunqueiro asentía unha e outra vez porque desexaba compracer o seu amigo.

Pero, co tempo, os diálogos acabáronse, supoño que por aburrimiento de Cunqueiro e, ao parecer, con desgusto de Castroviejo. Pois este, á sombra de Cunqueiro —que resultaba moito máis simpático e atraente— sabía que os tales diálogos eran para el un verdadeiro pedestal. O éxito estaba asegurado, maiormente pola presenza de Cunqueiro, sempre fácil fabulador, imaxinativo e comunicativo. As relacións foron devecendo, se ben nunca, que eu saiba, se chegou a unha ruptura.

Pero, máis adiante, cando Cunqueiro xa era director do *Faro de Vigo*, estimou que abusaba un pouco, ou moito, da súa xenerosidade (para facer chamadas dende o seu teléfono, para utilizar os seus servizos persoais...) e, en concerto con Landeira Yrago, idearon gastarlle unha broma ben pesada a Castroviejo. Penso que este nunca tivo noticia dela. Mellor foi así.

O caso é que viñan de aparecer as memorias de Enrique Lister, Nuestra Guerra, e idearon unha falsa dedicatoria en que Lister lle dedicaba a Castroviejo o seu libro

simulando referencias reais aos seus anos mozos en Santiago e tamén no cárcere, onde os dous coincidiran por distintos motivos. O texto manuscrito foi debido a un empregado da redacción do xornal. Decía así: «A José María Castroviejo, estos recuerdos de cuando los dos éramos mozos, y con la seguridad de encontrarnos de nuevo, pero no en el mismo lugar, sino al lado de un bocoy de buen ribeiro.— Muy cordialmente, E. Líster».

A dedicatoria e o envío do libro —que Castroviejo foi procurar tan axiña como lle dixeron que tiña na redacción do xornal un paquete ao seu nome que chegara de Francia— aguilloaron a vaidade daquel e non tardou senón días en publicar a noticia e comentala no ABC, que lla publicou na terceira páxina, en número correspondente ao día 12 de agosto de 1973, artigo titulado «El mozo de Calo», no que se refire ás aventuras dun e doutro en Santiago e no campo de batalla cando a Guerra Civil e no que —faltaría máis— transcribe literalmente a suposta dedicatoria de Líster.

Cunqueiro foi o primeiro en ler, asombrado, o artigo de Castroviejo (ao que designa como Pepito Cerceta, que así lle chamaban porque presumía de ser moi habelencioso na mata de cercetas) e mándallo a Landeira cun texto manuscrito, que eu gardo, e que di: «Don Landoria: ¿lémbraсте daquela broma que lle gastamos a Pepito Cerceta coa falsa dedicatoria de Nuestra Guerra? Pois aí o tes. ¡Inconmensurable! Dentro de pouco vai contar que non pode ir a Brest a dar conferencias, porque o invitou Líster a ir a Moscú.— Un abrazo.— Álvaro».

Ou sexa, que, se cadraba, tamén podía poñer de manifesto un gume devastador. Porque non aturaba os que coidaba que, ao abeiro dunha amizade, se volvían aproveitados ou abusóns.

No ano 1973, nun traballo que publicou Grial (núm. 42), escribín que a literatura de Cunqueiro se podía inscribir nunha liña claramente ibérica que, dende Cervantes a Eça de Queiroz, afirma o carácter ilusorio de toda realidade, servíndose desta para mellor encher a realidade verdadeira, que é a ilusoria.

Pero, ao mellor, iso mesmo que dixeran da literatura de Cunqueiro poderíase aplicar tamén á súa propia vida. Non o sei. Realidade ou ilusión? Ou, sen máis, realidade ilusoria? Non teño resposta.